

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID **PARA A REALIZACIÓN** **DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E** **EXTRAESCOLARES**

1. INTRODUCCIÓN:

Neste protocolo quedan recollidas as normas de actuación que seguiremos ao longo deste curso 2021-2022 para a realización das actividades complementarias e extraescolares. Tomando como base o protocolo xeral diseñamos un plan específico para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que nos permita levar a cabo as diferentes, actividades, saídas e celebracións con seguridade.

Á hora de planificar calquera tipo de actividade ou celebración debemos ter en conta as seguintes medidas xerais:

1. Evitar mesturar alumnado de diferentes escolas.
2. Realizar as actividades e celebracións, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
3. Facer as labores de desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
4. Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.
5. Uso obrigatorio da mascarilla.
6. Respetar as medidas de distanciamento social.

7. Nas saídas respectar estrictamente a normativa vixente do espazo que se vaia visitar.

2. ACTIVIDADES NAS ESCOLAS:

Por motivos de seguridade sempre que sexa posible deberán realizarse ao aire libre.

2.1 Entidades alleas ao centro.

Ao igual que no curso pasado poderán acudir ás escolas para desenvolver actividades, diferentes entidades alleas ao centro sempre que sexa posible respectar ás normas de hixiene e seguridade. Estas actividades poderán realizarse tanto dentro como fóra das escolas, e deberán estar planificadas dentro do horario lectivo previa aprobación do claustro de profesores.

2.2. Familias.

Este curso permitirase o acceso ás familias para realizar actividades cos nenos e nenas sempre ao aire libre e sempre e cando sexa posible respectar as normas de hixiene e seguridade. Ditas actividades levaráanse a cabo dun xeito programado e xestionaranse dende as titorías con un máximo de 2 adultos participantes.

3. SAÍDAS

3.1 Á contorna.

Ao igual de como se fixo sempre no noso centro, dende as aulas poderanse realizar saídas á contorna das escolas. Serán organizadas e

planificadas a nivel de titoría e poderan levarse a cabo sempre e cando sexa posible respectar ás normas de hixiene e seguridade.

Por motivos organizativos de centro é obrigatorio notificalas á dirección antes da súa realización. Na programación de complementarias ao igual que o curso pasado recollerase que cada escola pode realizar unha saída ao trimestre con apoio específico, polo que recomendamos que é importante notificalas ao equipo directivo canto antes para poder organizar estes apoios.

Neste tipo de saídas este curso poderase solicitar a colaboración das familias para participar e acompañar nos roteiros e nas actividades. O número de familias participantes acordarao a titoría da escola evitando aglomeracións.

Segundo o interese que mostren as familias poderanse ir turnando ao longo do curso para que todas as familias poidan participar. Dependendo da ratio da escola o número de colaboradores non debería superar ás 2 persoas.

3.1 Dentro do concello de Rianxo.

Poderán levarse a cabo ao igual que o curso pasado saídas dentro do concello que requiran o uso de transporte. Estas saídas planificaranse dente os equipos e departamentos do centro e contemplaranse no horario lectivo previa aprobación do claustro. Poderán levarse a cabo sempre que sexa posible respectar as normas de hixiene e seguridade.

Para este tipo de saídas recoméndase a realización por quendas permitindo o agrupamento do alumnado de dúas escolas. Este curso, tal e como contempla a normativa, estas escolas poderán mesturar o alumnado no tempo de lecer sempre que sexa en espazos ao aire libre.

Os agrupamentos serán os mesmos durante todo o curso e quedan planificados segundo a ruta do transporte do seguinte xeito:

GRUPO 1 Capela + Quintáns= 24 nen@s

GRUPO 2 Outeiro + Pazo= 32 nen@s

GRUPO 3 Cruceiro + Cuvide = 37 nen@s

GRUPO 4 Abuín + Rañó= 24 nen@s

Non se descarta poder realizar algunha saída onde participe todo o alumnado do centro na mesma xornada, pero as actividades deberán estar planificadas por grupos que non poderán mesturarse en ningún momento. Para estes casos non se descarta a posibilidade de desprazar aos nenos en tres quendas para aforrar en gastos de transporte. Estas quendas especificanse no apartado seguinte.

3.3 Fóra do concello de Rianxo.

Ao igual que as saídas dentro do concello, este curso poderán levarse a cabo saídas fóra do concello. Estas saídas planificaranse dente os equipos e departamentos do centro e contemplaranse no horario lectivo previa aprobación do claustro. Poderán levarse a cabo

sempre que sexa posible respectar as normas de hixiene e seguridade.

Este tipo de saídas poderán planificarse para que participe todo o alumnado do centro nunha mesma xornada, pero as actividades deberán estar planificadas por grupos que non poderán mesturarse en ningún momento.

Os agrupamentos serán os mesmos que para as actividades dentro do concello e respetaranse durante todo o curso, pero para abaratar os gastos de transporte, segundo a ruta o alumnado para os desprazamentos agruparase do seguinte xeito:

AUTOBÚS 1 Quintáns - Capela- Outeiro 37 nen@s

AUTOBUS 2 Cruceiro - Cuvide 37 nen@s

AUTOBÚS 3 Rañó - Abuín - Pazo 42 nen@s.

Para a realización das actividades e visitas guiadas é de obrigado cumprimento a normativa vixente dos espazos receptores.

4. CELEBRACIÓNS:

As celebracións ao igual que o curso pasado, para evitar aglomeracións, realizaranse a nivel de escola. As celebracións do Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas e Fin de curso ocuparan toda a xornada e os especialistas reparatiranse polas escolas para facer labores de apoio.

As actividades previstas para estes días serán planificadas de xeito similar para todo o centro, sempre que o tempo o permita levaranse a cabo ao aire libre.

A participación das familias nestas actividades dependerá de cómo vaia evolucionando a pandemia, en caso de que sexa posible poderán participar ben para colaborar ou para acompañar nestes días especiais, sempre que sexa posible respectar a distancia de seguridade, con uso obrigatorio de mascarilla.

4. 1. Merendas:

É costume no noso centro que as familias participen nas celebracións colaborando con merendas especiais e postres de tempada nas celebracións. Poderán traer á escola comida tanto envasada como caseira para compartir, pero nunca poderá servirse a modo de bufett. É obrigatorio que a comida para compartir se reparta por un adulto de xeito individualizado a cada neno/a.

Aquelas escolas que presenten alumnado con alerxias ou intolerancias alimentarias o tema das comidas será consensuado entre a titoría e as familias afectadas.

4.2 Festivais:

Comtémplase a posibilidade de realizar algún festival na que participe todo o alumnado se atopamos un espazo grande con aforo suficiente para acoller os nosos 117 alumnos máis ó profesorado. A participación das familias neste caso vai vir determinada pola

normativa do lugar sendo moi probable que en caso de realizar algún evento deste tipo as familias non poidan acudir como espectadoras.

5. Normas para a participación das familias:

Tanto nas actividades como nas celebracións e festivais para evitar aglomeracións as titorías deberán determinar o número de participantes para cada actividade.

Segundo a normativa vixente non podemos acoller nas nosas escolas á totalidade das familias, polo que para que todas poidan participar será necesario establecer turnos de participación.

Só poderá participar 1 adulto por familia cando lle corresponda turno, no caso dos nenos/as con pais separados ou divorciados teñen dereito a levar invitación para 2 adultos, respetando igual co resto das familias os turnos de participación.

As familias só poderán participar nas actividades ou celebracións que se realicen ao aire libre, excepto nun hipotético festival si o aforo do lugar o permite.

O número de participantes deberá acordalo a titoría según o número de nenos e o espazo exterior do que dispoña cada escola. Nestes casos terase en conta a dispoñibilidade das familias que se irán turnando para que ao final de curso todas tiveran a posibilidade de participar polo menos nunha actividade. Contando tamén coa posibilidade de suspender a participación das familias se afecta ao clima de convivencia dentro do funcionamento das escolas.

A participación das familias nas celebracións deberá ser aprobada polo claustro e a organización deberá ser similar para todas as escolas.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

5.1 Club de Ciencia “Nautilus”:

No caso de continuar co club de ciencia implantaremos as normas de adaptación ao contexto Covid similares ao curso pasado.

Procuraremos mesturar ao mínimo aos nenos e nenas procedentes de distintas escolas, crearanse varias quendas con grupos reducidos en torno ós 10 alumnos/as por grupo, respetaranse as medidas de hixiene e seguridade, cada neno/a disporá do seu kit de material individual en cada sesión.

Os espazos serán desinfectados e ventilados 15 minutos entre quenda e quenda. O horario seguirá sendo os mércores pola tarde e celebrarase na sede e no local social de Asados como nos cursos anteriores.